

PEZA DO MES

novembro

2017



FOTOGRAFÍA
CRUZ DE MONTEALEGRE

XUNTA DE GALICIA

Fotografía. Cruz de Montealegre

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado [...]

Camiño esquecido que xa non vai a
ningures [...] izado de silvas ensarilladas
e de ortigas arnales, que
se perde na boca moura dunha congostra.

Cousas. Castelao

A peza de novembro é o positivo (dun negativo de 35 mm) dunha vista da Cruz de Montealegre tomada por D. Xoaquín Lorenzo Fernández «Xocas» na década dos 50 do pasado século, posiblemente nunha excursión ao lugar compartida con Failde, Fariña, Tanco, López Cid e outros.

D. Xoaquín «chegou a ser un experto afeccionado, que ata se atreveu a facer algunha innovación técnica» [...] «técnicas que mellorou coa axuda e bos consellos do seu amigo o fotógrafo Augusto Pacheco» (González Pérez, 2003: 211). Disto é mostra a exposición que organizou o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense en 1987 *Galicia ao través dun obxectivo: Xaquín Lorenzo «Xocas»*, que tamén se expuxo (145 fotografías) no Museo do Pobo Galego en 1988.

CONTEXTO XEOGRÁFICO

A cordal de Montealegre é un breve relevo, sobre os glacis ourensáns, que vai desde o Rego de Loí, no límite co Pereiro de Aguiar, ata a Loma do Cruceiro, onde se asenta a Cruz (331,03 m), co punto máis elevado sinalado no Alto de Montealegre por un vértice xeodésico de terceira orde (Montealegre s.str., con 470,800 m) (Rodríguez Gracia et al., 2012: 392).

A serra (inmersa na UTM: 29TNG 98) está formada nos seus afloramentos (con solos vexetais ácidos moi lixeiros) por granodiorita de biotita (de finais do Hercínico) de gran fino a groso e con frecuentes intercalacións porfíricas (op. cit., 2012: 393).

O territorio (dentro das parroquias de Montealegre, hoxe A Milagrosa e do Bo Xesús de Ceboliño) está constituído por lugares como A Granxa, Ceboliño, As Caracochas, O Carroleiro, O Mesón, Catro Camiños, etc... e atravesado por antigos camiños, actualmente practicables (camiño dos Franciscanos, camiño do Monte, camiño das Caracochas, etc.) que teñen a súa posible orixe en derivacións e vereas secundarias cara ás terras de Aguiar en dirección a Esgos e a Maceda (ver Ferreira Priegue, 1988: 165-167). Uns deles pasaría á beira do Penedo da Cruz e sería transitado

por viaxeiros e vendedores ambulantes, como parte do camiño de Castela (Blanco Guerra, *La Región*, 12-VI-1976). Ata poderían ser vías secundarias da vía XVII (cara a Pinto e Esgos) (mapa de Rodríguez Colmenero, 1977, entre pax. 64 e 65).

No esbozo do Coto Vello da Diocese de Ourense (copia do século XVII, conservada na Catedral de Ourense) sinálase un montículo ao sur do Coto Cebollino (sic) e ao oeste de Santa Mariña como Montealegre (M alegre) cunha construción na súa cima (reproducido en Carreiras Candí (V. Risco), ed. Facs., vol. X, 1980: 253 e por Rivas Fernández, 2003: Lam. XXIV, 255).

Así mesmo, no mapa de Fontán indícase o lugar como M. Alegre (397) (sic) e cruza a área un camiño entre Ceboliño e Santa Mariña do Monte que vai de Ourense cara aos Gozos e Moreira xa no Pereiro.

Na penechaira atópanse as recónditas ruínas de Pepa Loba (Blanco Guerra, op. cit. e Vaqueiro, 2011: 272-275).

AS CRUCES DE MONTEALEGRE

A primeira cruz da roca atribúese ao recordo do asasinato dun arrieiro que viaxaba de volta cara a Castela («cruces de mala morte», senso Fdez. De La Cigoña, 1990) ou ben representan a cristianización dun lugar de culto ancestral ás rocas singulares (ver *Historia de Galiza*, vol. 1, 1962: 271-274 e as súas ilustracións, figs. 6 e 7). Estas primeiras cruces deberon ser de madeira ou de ferro e téñense por destruídas por un raio.

A seguinte cruz documentada era xa de pedra, sendo a que os señores da Comisión de Monumentos decidiron substituír por outra «de máis empaque» .

Para esta nova cruz elixiuse como deseñador a D. Antonio Torres Tirado, titular da cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense. Propuxo Torres un deseño inspirado na cruz anglosaxoa de Ruthwell (século VIII), que foi aprobada pola Comisión. Por mor disto recadáronse fondos por subscrición pública. O debuxo estivo exposto ás xentes ourensás no escaparate do comercio do Sr. Montero. A cruz de forma troncopiramidal e rematada en cruz latina foi labrada en granito (non moi habilmente ao parecer) e colocouse en 1882 no lugar clásico. Contiña a cruz numerosos baixorrelevos de iconografía cristiá e unha lenda latina ideada por D. Marcelo Macías que rezaba: «D.O.M. Antiqua cruce disrupta hanc publica collatione faciendam ericendamque curavit veterum monumentorum provincia eauriensis delectatio. Anno domini MDCCCXCI» = A Deus Óptimo Máximo. Derrubada a antiga cruz a Comisión de Monumentos Históricos da Provincia de Ourense coidou de facer e levantar esta por subscrición pública. Ano do Señor, 1891.

Ao pouco foron os signos tachados de masónicos (*El Lucense*, 27 de xuño de 1892, asinado por «Un Católico») e tivo que ser repicada para podela repoñer no mesmo lugar. Finalmente os contrarios a ela destruírona con dinamita (nunca se soubo quen). O histórico e arrevesado episodio, no que interviñeron numerosas opinións de personaxes de Galicia e de fóra dela e numerosos informes académicos, ten unha ampla bibliografía (ver resumos respecto diso en Román Alonso, *Auria* 122: 20-23 e Fariña Busto, *BAur*, Anexo 33: 170-171).

Como detalle sobresaínte destacaremos a intervención do bispo Cesáreo Rodrigo: «manifestándolles o meu desexo de que fagan desaparecer o devandito Cruceiro», rogo dirixido ao presidente da Comisión de Monumentos. Estaba recente o caso do Bispo e outros con Curros Enríquez pola publicación de *Aires d'a miña terra* nos anos 1880-81 (Valín Fernández, 1990: 411-414). Efectivamente Curros pertencía á *Logia Auria* nº 59/nº 10/*Auria-Amor* nº 10, que era unha das catro loxas francmasonas de Ourense no XIX. O feito tivo tamén repercusión, moitos anos despois, nunha discusión dialéctica nada menos que de D. Julián Besteiro (que fora profesor de Psicoloxía, Lóxica e Ética no Instituto de Ourense de 1897 a 1898). No ano de 1922 e no Parlamento da Nación comentou, falando do poder clerical exercido arbitrariamente nun suceso ilderdense como ao profesor Torres Tirado lle custou o traslado a Logroño e a Marcelo Macías o bispado (Román Alonso e Fariña Busto, ops. cit. 23 e 171).

No ano 1898, en maio, foi restaurada unha nova cruz e así figura na base da que podemos ver hoxe en día. Esta cruz érguese sobre a base da de 1898 e dunha propia cruz moito máis recente e de distinto material. Ao parecer a cruz reposta foi de novo destruída (tampouco se soubo por quen) en 1935 (ver Blanco Guerra, op. cit. e segundo comunicación persoal de Avelino Rodríguez).

Existe documentado o intento de erixir (na década dos 80 do XX) un monumento ao Corazón de Xesús (estilo Corcovado, Sacro-Cor lisboeta, Tibidabo, etc.) patrocinado e sufragado por un escuro Instituto Internacional do Cuore Di Jesus (norteamericano) (Pedro Gómez, *Faro de Ourense* 28-VI-1984). O «proxecto ambicioso para un Ourense do ano 2000» nunca foi máis aló do propósito dunhas mentes especiais.

O «XARDÍN BOTÁNICO» E OUTRAS HISTORIAS

Proxectado como o gran «Xardín botánico» do NO ibérico foi inaugurado con gran boato e presenza de políticos e personaxes de toda condición o 10 de xuño de 2011.

O xardín quedouse «entre gran polémica municipal» nun recinto heteroxéneo, cuns espazos didácticos e outros recreativos. Existen nel plantacións moi diversas, feitas sen criterios sistemáticos, de árbores, arbustos e especies varias. A súa superficie é de 122.000 m², con 108.000 m² de vexetación, gran parte a monte orixinal, tendo uns 3 km de camiños e carreiros, 5 mananciais e un auditorio ao aire libre situado nunha antiga canteira. Existen oficinas, recepción, sala de conferencias, un invernadoiro con exposicións permanentes e transitorias, escola taller, rocódromo, etc... O seu estado actual non corresponde a un verdadeiro xardín botánico, sendo o seu futuro claramente mellorable.

Aos pés da Cruz existe un miradoiro (a 330 m.s.n.m.) de aceiro e formigón desde o que se divisa unha espectacular panorámica da foxa ourensá (coa cidade e a súa contorna).

Na aba sur do xardín sitúanse varios hortos urbanos para particulares, administrados polo Concello e que son un arremedo dos existentes no Barbaña desde 2011. Á súa beira pasa o antigo Camiño dos Franciscanos, que ía desde a construción (casa de campo-horta), en ruínas actualmente, ata o convento de San Francisco. Neste lugar falouse da localización dun seminario da orde.

Tamén foi proposto Montealegre como observatorio meteorolóxico polo catedrático do Instituto D. Antonio Gaité.

Na súa cima e lugares contiguos sucederon os «crimes de Montealegre» de gran repercusión local no seu tempo.

BIODIVERSIDADE DE MONTEALEGRE

A serreta, xunto coa de Mosteironda e a cunca baixa do río Loña, atesoura unha notable biodiversidade, sorprendente por suburbana, a pesar dos reiterados incendios que sofre a súa superficie. O número de taxons vasculares (fanerógamas e fentos) de Montealegre é de 246, o que representa a décima parte das especies de Galicia. Destaca de forma singular (localidade tipo) o caravel de Planellas (*Dianthus loricifoliusca* *espitisifolius*), así como algunhas orquídeas e ata 54 plantas medicinais. Da fauna é de sinalar a hiocenose de bolboretas diúrnas cunhas 31 especies, a cuarta parte das galegas, con algunhas tan peculiares como a bolboreta do virgandouro ou a catro colas e a *Callophrys avis*, fitófagas sobre o érbedo (Rodríguez Gracia et al., 2012: 395-401).

Todo isto levaríanos a consideracións de conservadorismo múltiples.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 galicia



XUNTA
DE GALICIA